

MARIA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA (1 para 2)
Licidade Sinatura: 29/10/2021
Documento: 2021-2450
HASH: 0954294d0228337ce6e2c6d617e6bc0



Sello de Órgano de Secretaría (2 para 2)
Licidade Sinatura: 29/10/2021
Documento: 2021-2450
HASH: 5b0b0d72862ef1c354a27cf69e20ecc



DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE RECTIFICA O ERRO MATERIAL ADVERTIDO NO DECRETO Nº 2021-2135, DE APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO TÉCNICO/A FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA DE CAPTACIÓN E XESTIÓN DE SUBVENCIÓNS FINANCIADAS CON FONDOS NEXT GENERATION UE PUBLICADOAS NO BOPPO nº203 DE 21-10-21 .

Advertido erro de transcripción nos documentos, no importe da taxa de dereitos de exame , e de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procédese a corrixilo.

DISPOÑO

PRIMEIRO: Rectificar o erro material advertido nas bases específicas polas que se rexerán o proceso selectivo mencionados:

Base TERCEIRA.- INSTANCIAS 3.1.- Forma. Apartado (B)

Onde di: b) Xustificante de ter aboada a **taxa de 40 euros** por dereitos de exame ou certificado de discapacidade ou inscrición no servizo público de emprego que de dereito á exención ou de ser o caso recoñecemento da condición de familia numerosa para gozar da bonificación do 50% na taxa por dereitos de exame .

Debería Dicir: b) Xustificante de ter aboada a **taxa de 45 euros** por dereitos de exame ou certificado de discapacidade ou inscrición no servizo público de emprego que de dereito á exención ou de ser o caso recoñecemento da condición de

DECRETO
Número: 2021-2450 Data: 29/10/2021



familia numerosa para gozar da bonificación do 50% na taxa por dereitos de exame .

BASE 3.4.-

Onde di:

Taxa por Dereitos de Exame. De conformidade co previsto na Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por dereitos de Exame (BOPPO nº 28 - Xoves, 11 de febreiro do 2010, podendo ser consultada na páxina web “www.ponteareas.gal”), a taxa, que ascende a **40 euros**, farase efectiva en réxime de autoliquidación.

Debería Dicitr:

Taxa por Dereitos de Exame. De conformidade co previsto na Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por dereitos de Exame (BOPPO nº 28 - Xoves, 11 de febreiro do 2010, podendo ser consultada na páxina web “www.ponteareas.gal”), a taxa, que ascende a **45 euros**, farase efectiva en réxime de autoliquidación.

SEGUNDO. Dispoñer a publicación desta Resolución no BOPPO, na sede electrónica do Concello de Ponteareas e na páxina web municipal <http://ponteareas.gal/>.

TERCEIRO.- Contra o presente Decreto que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse calquera dos recursos que se indican a continuación:

I.- Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o presente Decreto, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación do mesmo no Boletín Oficial da provincia (artigos 112, 115, 116, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso sen que se dite e notifique a súa resolución entenderase desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpoñer contra a

DECRETO
Número: 2021-2450 Data: 29/10/2021



Cod. Validación: A43XRZKPW9GHXWNR93MWFNN | Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

desestimación presunta recurso contencioso administrativo dentro do prazo de seis meses.

II.- Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da publicación do presente Decreto.

En ambos os casos, o recurso contencioso-administrativo interpoñerase perante o xulgado do Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña o seu domicilio o demandante ou se ache a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel (artigos 8.1 e 14.1.2ª da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

III.- Todo iso sen prexuízo de que o interesado exercite calquera outro recurso que estime procedente (artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común

das Administracións Públicas).

Ponteareas, Documento asinado dixitalmente á marxe

DECRETO

Número: 2021-2450 Data: 29/10/2021



Cod. Validación: A43XRZKP199GHXV4R93MEMFNN | Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3